



MESA SECTORIAL

06/10/2023

PUNTO ÚNICO DA ORDE DO DÍA: ACORDO SOBRE MEDIDAS QUE MELLORAN O FUNCIONAMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO E AS CONDIÇÕES LABORAIS DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DOCENTES DA COMUNIDADE DE GALICIA QUE IMPARTE AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

A Administración presenta un novo documento de proposta de Acordo. Tras 5 minutos de receso para poder mirar as modificacións con respecto ao documento da mesa sectorial do mércores 4 de outubro intervimos as Organizacións Sindicais.

18H. SECUNDARIA
21H. PRIMARIA

ANPE Galicia insiste en que falta no documento proposto a redacción da exposición de motivos. Recoñecemos avances importantes con respecto ao 2º documento pero **seguen faltando temas importantes, que para a nosa organización seguen a constituír liñas vermellas, para poder chegar á sinatura dun acordo.**

No apartado 2 de redución de rateos vemos que se teñen incorporado puntos importantes que xa reclamamos nos dous últimos días e que se retirou un calendario de aplicación que era inasumible. A incorporación dos novos puntos propostos fan que a redución de rateos comece de xeito inmediato nunha ampla porcentaxe de centros educativos galegos.

— RATIOS
+ PROFESORADO

No apartado 2.1.3 ANPE considera que 30 alumnos en bacharelato segue a ser un número moi elevado. Este apartado 2.1.3 debe aplicarse tamén conxuntamente cos apartados 2.4 e 2.5

Botamos en falta neste apartado 2 que se fagan mención ao alumnado repetidor. Por lei xa debe terse en conta á hora de contar as rateos pero sabemos que desde inspección moitas veces non se está facendo.

— RATIOS
+ PROFESORADO

A cuestión da redución do horario lectivo do profesorado merece un apartado específico e non dentro do apartado de medidas complementarias. **Para ANPE Galicia a redución da carga lectiva do profesorado merece un apartado específico xa que é un dos piares fundamentais dun hipotético acordo e non se pode limitar á proposta que fai hoxe a Administración de redución dunha soa hora lectiva en primaria. Debe establecerse un compromiso e un calendario para restituír o horario lectivo das 18/21 horas.** Esta negociación de redución da carga lectiva debe vir aparellada e **desenvolverse de xeito paralelo á redución do horario semanal de traballo das 37,5 horas ás 35 horas semanais.** Debe articularse tamén algunha solución para as diferencias horarias existentes nos CIFP en relación aos IES.

En relación ao apartado 3 seguimos insistindo nas nosas propostas de 20% a un ano e, a poder ser, reducir a esixencia do nivel B1 de acreditación da competencia dixital ao nivel A1.



MESA SECTORIAL

06/10/2023

En relación ao apartado 4 propoñemos a suba de 60 € a un ano. Demandamos tamén que a negociación das reducións horarias para os distintos cargos nos centros educativos se trasladen á negociación dos ROC's



Reclama á Consellería



No apartado 5 consideramos insuficiente o importe proposto e inasumibles as datas de aplicación. ANPE Galicia propón unha suba do 30% para ser aplicada a 01-01-2024. Tamén consideramos importante a **creación dun complemento retributivo específico para quen realice a función real da titoría de alumnado** (ademais de incluír unha redución do seu horario lectivo cando se negocien os ROC's) para potenciar e dignificar a función do titor/a de grupo de alumnos. Insistimos tamén en que se debería establecer un número de alumnado máximo a cargo dun só titor/a.



En relación ás medidas complementarias, no apartado 6.3 ANPE demanda que o importe das axudas recollidas neste apartado e que non

sexan gastadas nun curso se poidan utilizar noutras partidas.

Agardamos que non sexa un documento final o que hoxe propón a Consellería xa que vemos complicado a sinatura do mesmo. Pedimos un esforzo por parte da Administración para chegar ao mellor acordo posible.

A Administración aclara que desde o luns foi dando pasos para ir mellorando o Acordo. Consideran que é un acordo potente e moi importante. Insisten en que a redución de rateos terá unha repercusión importante nos vindeiros anos nos corpos docentes.

Verán que melloras finais poden introducir nun texto definitivo que nos farán chegar ás Organizacións Sindicais o luns para estudar quen está disposta a asinar e poder poñer unha data para unha posible sinatura. Entre esas melloras que incluírán irá o computo do alumnado repetidor nas rateos, a suba do 20% dos sexenios a aplicar en dous anos, modificarán o calendario de aplicación ao 1 de xaneiro de 2024 e 1 de xaneiro de 2025, farán un apartado específico para a redución do horario lectivo e establecerán unha redución de 23 horas de xeito inmediato en infantil e primaria e farán unha mención á redución horaria lectiva nos restantes corpos que irá ligada á negociación da redución do horario semanal ás 35 horas.

Aclaran tamén que **no caso de que non haxa ningunha organización disposta a asinar o documento final retirarán a proposta de acordo e non se aplicará ningunha medida de mellora.**